

**COMISIÓN DE AVALIACIÓN DO CONCURSO ESPECÍFICO DE MÉRITOS
CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 4 DE MAIO DE 2023**

Por Resolución do 4 de maio de 2023 convocouse concurso específico de méritos para a provisión de postos de traballo de persoal funcionario na área de arquivos e bibliotecas, correspondentes aos subgrupos A1, A2 e C1.

A Comisión de Avaliación, antes de iniciar a avaliación, procedeu a fixar os criterios de valoración na súa sesión do 4 de outubro de 2023, acordando a súa publicación no Taboleiro de Anuncios Electrónico da USC.

En execución deste acordo, procede facer públicos os seguintes criterios de valoración que rexerán para a avaliación do concurso específico de méritos convocado por resolución do 4 de maio de 2023:

1.-CRITERIOS DE VALORACIÓN DO PROXECTO

Apróbese a seguinte desagregación de puntuación para cada un dos criterios de avaliación do proxecto sobre o posto de traballo ao que opta cada aspirante, tendo en conta que o máximo total non pode superar os 15 puntos:

- i Capacidade de análise e crítica exposta no proxecto: máximo 3 puntos.*
- ii Capacidade de organización, concreción e claridade do proxecto: máximo 4 puntos.*
- iii Capacidade de innovación, orixinalidade ou creatividade e viabilidade do traballo: máximo 4,5 puntos.*
- iv Coñecemento amosado na busca de información e na selección para a elaboración do proxecto: máximo 1,5 puntos.*
- v Capacidade de relacionar as áreas funcionais que, de ser o caso, se aprecie no traballo presentado: máximo 2 puntos.*

2.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DO CURRÍCULUM

A. Traxectoria laboral pública relacionada co posto ao que opta. A comisión acorda outorgar un máximo de 3 puntos á traxectoria pública relacionada co ámbito ao que pertenza o posto.

B. Formación específica considerada relevante para o desenvolvemento do posto de traballo ao que se opta. A comisión acorda outorgar un máximo de 5 puntos, as cales aparecen desagregados nos seguintes apartados:

Apartado 1: Ata 4 puntos que inclúen:

- a) Titulacións oficiais relacionadas co posto de traballo ao que se opta.*

b) *Títulos propios das universidades relacionados co posto de traballo ao que se opta.*

c) *Cursos específicos directamente relacionados co posto de traballo a que se opta e non valorados no baremo xeral.*

d) *Relatorios e comunicacións en xornadas, seminarios e congresos e conferencias e, de ser o caso, a súa publicación.*

Apartado 2: Ata 0,75 puntos que inclúen:

e) *Actividade docente distinta da valorada na epígrafe do baremo xeral: docencia como profesorado asociado, colaboracións noutras titulacións (clases, prácticas ou titorías en distintos estudos tanto oficiais como propios, etc.), cursos preparatorios ou integrantes de procesos selectivos (que teñan relación coas administracións públicas).*

f) *Coordinación de cursos.*

Apartado 3: Ata 0,25 puntos que inclúen:

g) *Participación en xornadas, seminarios, congresos, mesas redondas, etc.*

h) *Cursos de verán e outros non valorados na epígrafe de formación do baremo xeral*

C. Habilidades e destrezas que posúe o/a aspirante: *A comisión acorda valorar este apartado con 2 puntos. Valoraranse as habilidades e destrezas que estean acreditadas e documentadas.*

3.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DA DEFENSA DO PROXECTO E DO CURRÍCULO

Ao abeiro da base sexta apartado B.4 4. Defensa pública do proxecto e do currículo, valoraranse os seguintes aspectos cun máximo 15 puntos:

✓ *A capacidade para a utilización dos recursos básicos para a exposición como: expresión oral, emprego dos medios materiais e tecnolóxicos, etc.*

✓ *A capacidade para transmitir de xeito claro e ordenado as principais ideas do traballo presentado.*

✓ *A capacidade de comprensión e argumentación, así como os coñecementos que posúe. Tamén se valorará a argumentación e xustificación razoada das respostas ás preguntas formuladas pola Comisión.*

✓ *A capacidade de reflexión, análise e síntese respecto dos coñecementos, tarefas e funcións do posto.*

✓ *A capacidade para integrar teoría e práctica (profesionalidade).*

✓ O Coñecemento sobre as habilidades e destrezas necesarias que deberá posuír o/a candidato/a para o desempeño do posto e as achegas que con respecto a isto realice no traballo.

Así mesmo, a Comisión acorda valorar a actualización respecto do proxecto presentado, o cal deberá facerse constar expresamente.

Para a superación desta fase de defensa pública será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

A Presidenta da Comisión

María Isabel Casal Reyes

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ISABEL CASAL REYES, DIRECTORA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 05/10/2023 21:07:40.

CSV: C59E-754A-47FF-BDA7